

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A HERMANDAD GALLEGA DE VALENCIA PARA O ESTABLECEMENTO DUN PUNTO DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO EN VALENCIA, VENEZUELA.

En Caracas, 15 de marzo de 2022


REUNIDAS

Dunha parte, a **Secretaría Xeral da Emigración**, representada neste acto polo secretario xeral da Emigración, D. Antonio Rodríguez Miranda, nomeado mediante Decreto 140/2020, do 17 de setembro, en virtude das facultades que lle confire a disposición adicional segunda do Decreto 109/2021, do 15 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.


E doutra, a **Hermandad Gallega de Valencia**, Venezuela, representada neste acto polo presidente da entidade, D. Manuel Fajín Recarey, actuando en virtude das facultades que lle outorgan os estatutos da entidade.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a sinatura do presente convenio de colaboración e, para estes efectos,

EXPOÑEN



PRIMEIRO.- As administracións públicas, no exercicio das súas competencias, poden subscribir convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, en concordancia co artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.



SEGUNDO.- De acordo co establecido no artigo 22 do Decreto 109/2021, do 15 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia no ámbito da emigración e do retorno, ao que lle corresponden as competencias recollidas na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude e, en particular, as relacións e apoio ás persoas e ás comunidades galegas no exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento e a representación e participación nos órganos e foros relacionados con elas que lle encomende a persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia.

TERCEIRO.- De acordo co citado Decreto 109/2021, do 15 de xullo, a Secretaría Xeral da Emigración xestiona diversos programas tendentes á mellora da calidade de vida dos galegos e das galegas residentes fóra de Galicia, que executa coa colaboración

das entidades galegas do exterior a través do establecemento de puntos de información e asesoramento, contribuíndo ao seu mantemento.

CUARTO- A Hermandad Gallega de Valencia en Venezuela é unha entidade sen ánimo de lucro. Está rexistrada como comunidade galega no Rexistro da Galeguidade e ten, entre outros fins, o acollemento das persoas emigrantes galegas residentes na súa área xeográfica, así como a difusión dos valores tradicionais, sociais e culturais de Galicia nesta cidade; na actualidade agrupa a máis de mil douscentos emigrantes galegos e galegas e a súa descendencia.

QUINTO- En Valencia reside unha importante colonia galega que constitúe un colectivo potencialmente susceptible de beneficiarse dos programas e actividades que anualmente leva a cabo a Secretaría Xeral da Emigración. Ambas as partes coinciden en que é necesario chegar a este colectivo para que coñeza o contido destas accións, especialmente daquelas de carácter socio asistencial, dado o actual contexto económico que se vive no país, o que fai que moitas das persoas que o integran se atopen en situación de carencia e que por descoñecemento non soliciten participar nos ditos programas.

SEXTO- A Secretaría Xeral da Emigración está interesada en establecer un punto de información en Valencia para divulgar, informar e asesorar á comunidade galega que alí reside sobre os programas e as actividades que executa, co obxecto de que poidan participar nas súas convocatorias, e que ademais contribúa na tramitación das solicitudes das persoas interesadas. A Hermandad Gallega de Valencia está disposta a realizar ese labor e conta con infraestrutura suficiente para albergar un punto de información en beneficio da colectividade.

SÉTIMO.- A Secretaría Xeral da Emigración considera que esta entidade é a institución idónea, ademais de ser a única entidade destas características existente en Valencia, para o outorgamento dunha axuda de carácter singular que non se enmarca dentro da súa actuación xeneralizada de axudas, polo que non é posible promover a concorrencia pública, ao amparo do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O interese público de colaboración no desenvolvemento desta actuación radica no obxectivo de difundir, promover e colaborar na xestión de todas as accións e programas destinados á colectividade galega asentada en Valencia, Venezuela.

Por todo o exposto, tendo en conta a sintonía de obxectivos e a complementariedade dos mecanismos concorrentes para a súa consecución, as partes asinantes formalizan o presente convenio de colaboración, que recolle as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre as entidades asinantes para o establecemento dun punto de información e asesoramento nas instalacións da Hermandad Gallega de Valencia, Venezuela.

O punto de información e asesoramento ten como finalidade a realización de actividades de información, difusión, asesoramento e colaboración na xestión dos programas e das actividades que desenvolve anualmente a Secretaría Xeral da Emigración, especialmente as de carácter socio asistencial.

SEGUNDA.- Persoas beneficiarias

As persoas destinatarias deste punto de información e asesoramento serán as que integran a colectividade galega, en especial as maiores de orixe galega ou a súa descendencia ata o segundo grao de consanguinidade, con nacionalidade española e residentes na área xeográfica de Valencia, Venezuela.

TERCEIRA.- Crédito orzamentario

Co obxecto de colaborar no financiamento das accións recollidas neste convenio, a Secretaría Xeral da Emigración comprométese a achegar, con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, unha contía de **sete mil euros (7.000€)**.

A contía da achega está destinada a colaborar no financiamento dos gastos correntes xerais (tales como teléfono, internet, electricidade, material de oficina, etc.) e do persoal ao servizo do punto de información e asesoramento derivados do desenvolvemento do obxecto deste convenio.

CUARTA.- Compatibilidade

A obtención desta axuda é compatible coa obtención doutras axudas para este mesmo fin. A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade que se vai realizar.

QUINTA.- Prazos e modos de pagamento

Tras a sinatura deste convenio, efectuarase un pagamento anticipado de **cinco mil seiscientos euros (5.600 €)**, atendendo ao disposto no artigo 63.1.Un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, como financiamento necesario para poder levar a cabo as accións previstas.

Á vista do establecido no artigo 65, puntos 4 e 5, do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por tratarse dunha entidade sen fin de lucro e ser o obxecto do convenio o desenvolvemento de programas de acción social, a entidade non estará obrigada a constituír garantía

O importe restante librarase no momento en que a entidade beneficiaria xustifique na súa totalidade o cumprimento da finalidade e demais condicións para as que se lle concedeu a axuda.

SEXTA.- Prazo e forma de xustificación

O prazo de xustificación deste convenio remata o 15 de outubro de 2022.

En virtude do disposto no Título III, artigos 42 e 44 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a xustificación do convenio efectuarase na modalidade de conta xustificativa.

O pagamento do saldo pendente efectuarase contra a presentación de conta xustificada que conterá a seguinte documentación:

- Certificación acreditativa na que se exprese que a totalidade dos fondos foron empregados na consecución dos obxectivos do presente convenio, asinada polo representante da entidade.
- Memoria final detallada das actuacións levadas a cabo ao abeiro do convenio, asinada polo representante da entidade, na que se fará constar os obxectivos acadados,



o presuposto total do funcionamento e o colectivo atendido.

- Relación clasificada dos gastos correspondentes ás actividades e servizos prestados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento.

- Documentos xustificativos dos gastos relacionados, tales como facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, que fosen efectivamente pagados durante o período de vixencia do convenio e con anterioridade á data de finalización da súa xustificación (os gastos de persoal xustificaranse coas nóminas e os gastos sociais derivados, xunto coa identificación da función que cada persoa desempeña).

Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados pola entidade beneficiaria. Non obstante, para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros, aceptárase a xustificación do pagamento mediante recibín do provedor, en virtude do disposto no artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Se é o caso, os tres presupostos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como dos xuros derivados destes.

Antes da sinatura do convenio e antes de facerse efectivo cada pagamento, achegaranse as seguintes declaracións:

- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas como as pendentas de resolución, concedidas para os mesmos fins que son obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades ou de entidades privadas.

- Declaración responsable do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser debedor por resolución de procedemento de reintegro.

De non xustificaren o importe total da subvención obxecto do convenio, e sempre e cando se tivese acadado o seu obxecto, a Secretaría Xeral da Emigración minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado.

SÉTIMA.- Reintegro

Procederá o reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de mora devindicados desde o momento do seu pagamento nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De acordo co artigo 14.1.n da Lei 9/2007, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade que hai que minorar ou reintegrar serán os seguintes:

a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.

b) Calquera outro incumprimento considerarase incumprimento parcial dos fins para

os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

OITAVA.- Obrigas das partes

1. A Hermandad Gallega de Valencia comprométese a:

- Situar o punto de información nun espazo axeitado para o desenvolvemento das súas funcións, nun local idóneo e habilitado para estes fins, que deberá contar co persoal especializado necesario, con liña telefónica e acceso a internet.
- Poñer ao dispor do persoal encargado de realizar as funcións propias desta colaboración o material e o equipamento suficientes para desenvolver as súas tarefas, así como satisfacer as necesidades de desprazamento ou axudas de custo as que houber lugar.
- Poñer ao dispor da colectividade galega un acceso á páxina *web* da Secretaría Xeral da Emigración, así como a outras páxinas de interese.
- Informar, difundir, asesorar e colaborar no desenvolvemento de todo tipo de actividades e programas de interese xeral para a colectividade galega asentada no seu entorno e, en particular, dos programas e das actividades que desenvolve anualmente a Secretaría Xeral da Emigración.
- Facilitar ás persoas máis necesitadas a tramitación ou consecución da documentación relacionada coa tramitación de solicitudes dos programas da Secretaría Xeral da Emigración.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida polo órgano xestor, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.
- Actuar con suxeición ás obrigas sinaladas para os/as beneficiarios/as de subvencións ou axudas públicas do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Facer constar, en todo tipo de publicidade e información que se realice ao desenvolver este convenio, a condición de entidade subvencionada pola Secretaría Xeral da Emigración, así como os seus correspondentes logotipos.
- Facilitar a actuación do persoal técnico da Secretaría Xeral da Emigración no referente ao seguimento das actividades obxecto da axuda.
- Subministrar á Secretaría Xeral da Emigración, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no Título I da citada Lei por parte da Secretaría Xeral da Emigración.

2.- A Secretaría Xeral da Emigración obrígase a:

- Achegar o importe do financiamento previsto na cláusula terceira condicionada ao cumprimento do estipulado no presente convenio.
- Facilitar información, asesoramento e colaboración sobre os programas e as accións que deban ser difundidos a través do punto de información.

NOVENA.- Modificación do convenio

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para conceder esta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.

2. Igualmente, de conformidade co establecido no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

DÉCIMA.- Causas de resolución do convenio

Sen prexuízo das causas xerais establecidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán causa de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas cos seus correspondentes xuros, as seguintes:

- a) O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste convenio.
- b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, creárase unha comisión paritaria que estará integrada por catro persoas, dúas representantes da Secretaría Xeral da Emigración, das cales unha exercerá a presidencia, e dúas en representación da entidade.

A comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Propoñer a interpretación e a resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Esta comisión actuará segundo o previsto no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 do outubro, do réxime xurídico do sector público.

Non obstante, serán resoltas pola persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida.

DÉCIMO SEGUNDA.- Relación laboral

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto coa Secretaría Xeral da Emigración, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir á mencionada secretaría responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria.

A Secretaría Xeral da Emigración ou o persoal dela dependente non impartirá instrucións nin ordes ao persoal contratado para a execución deste convenio.

A Secretaría Xeral da Emigración poderá comprobar en todo momento o cumprimento por parte da outra parte das obrigas laborais e de aseguramento do persoal destinado a executar as actuacións obxecto deste convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- Publicidade, seguimento e colaboración

En virtude do establecido nos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o convenio deberá ser publicado a través da Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS), que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións a través da súa páxina *web* www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/es/index.

A entidade beneficiaria da axuda coñece e consente a inclusión dos seus datos nos



registros aos que, en virtude da normativa á que está sometido o convenio, deberá dársele publicidade a esta subvención, en concreto, nos registros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os registros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso de todas as partes para as obrigas de publicidade impostas pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

As persoas asinantes do convenio prestan o seu consentimento para que os seus datos que constan no convenio, máis o resto das especificacións contidas nel, podan ser obxecto da devandita publicidade.

DÉCIMO CUARTA.- Réxime xurídico

O réxime xurídico deste convenio vén determinado polo establecido nel, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos e demais normativa que sexa de aplicación.

No caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desistencia pola outra parte, procederase á súa inmediata resolución. Concorridos tales supostos, esta entidade reintegrará ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que esta dispuxese.

As lagoas ou diverxencias que puidesen apreciarse na aplicación deste convenio (agás as que teñen que ver co outorgamento, xustificación, pagamento, reintegro e determinación de responsabilidades relativas á subvención concedida, que serán resoltas polo secretario xeral da Emigración) serán integradas, interpretadas e resoltas de xeito motivado pola Administración autonómica, logo do ditame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula oitava. Contra estas resolucións, polo carácter administrativo deste convenio, poderanse interpoñer os oportunos recursos contencioso-administrativos ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DÉCIMO QUINTA.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 25 de outubro de 2022, agás que sexa denunciado por algunha das partes por incumprimento dos acordos que nel se recollen.

Porén, de acordo co artigo 2.1.b. da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as achegas económicas poderán financiar as accións necesarias para o cumprimento do obxecto do convenio realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2022.

DÉCIMO SEXTA.- Protección de datos

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.



En proba de conformidade con canto antecede, asinan dous exemplares deste convenio, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O secretario xeral da Emigración

O presidente da Hermandad Gallega de
Valencia



Antonio Rodríguez Miranda

Manuel Fajín Recarey